

INFORMACIÓN SOBRE O PAGAMENTO DO IMPORTE CORRESPONDENTE AO COMEDOR ESCOLAR

Segundo se establece na Instrución 1/2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos **comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2024/2025** o pagamento mensual dos prezos públicos pola utilización do comedor escolar producirase de acordo coas seguintes pautas:

1. O importe que as/os usuarias/-os deben aboar satisfarase **entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.**
2. O importe que se debe aboar resulta de multiplicar o prezo que cada alumna/-o debe aboar diariamente polo número de días de uso efectivo do comedor cada mes.
3. As/Os usuarias/-os deberán **comunicar obrigatoriamente ao centro os días que non vaian facer uso do servizo de comedor antes das 9:45 horas** de cada día se queren que eses días non sexan tidos en consideración nos pagamentos.
4. Nos cinco primeiros días naturais de cada mes poranse a disposición das familias ou das/os representantes legais das alumnas/-os os impresos de pagamento.

FORMAS DE PAGAMENTO DAS CANTIDADES A ABOAR A CADA MES

1. **Pagamento nas entidades autorizadas pola Consellería de Facenda e Administración Pública. Entidades bancarias:**
O pagamento realizarase **presencialmente nunha entidade bancaria**, presentando os impresos que reciban dende o centro. **Unha vez realizado o pagamento deberán devolver unicamente ao centro, nos 20 primeiros días de cada mes, o exemplar “PAGAMENTO PARA A ADMINISTRACIÓN”.**
2. **Pagamento a través do Espazo Abalar:**
Os impresos de pagamento estarán dispoñibles directamente para os usuarios do Espazo Abalar sen necesidade de obtelos a través do centro.
O pagamento por esta vía é comunicado automaticamente á aplicación COMEDORES, polo que non é preciso presentar xustificación no centro.

3. **Pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria:**

As persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria para realizar os pagamentos de xeito telemático.

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>

Quen opte por esta vía deberá presentar no centro, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de pagamento correspondentes.

CONSECUENCIAS DA FALTA DE PAGAMENTO DO SERVIZO

A falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte das/-os usuarias/-os será causa de perda da praza do comedor por acordo do Consello escolar do centro.

Os incumprimentos no pagamento da cantidade correspondente de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarase co prazo máximo de 2 meses.

De conformidade co previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración as cantidades debidas en concepto de tarifas, teñen a consideración de créditos de dereito público cuxa recadación en vía executiva corresponde aos órganos competentes da administración.

CALQUERA DÚBIDA QUE SE PRESENTE SOBRE O XEITO DE RALIZAR OS PAGAMENTOS E AS SÚAS CORRESPONDENTES XUSTIFICACIÓNS PODEN POÑERSE EN CONTACTO CO CENTRO EN HORARIO DE SECTRETARÍA.

Ourense, xuño de 2024

